EXERCICIOS AUTOAVALIABLES

Explica e corrixe os erros que encontres nas seguintes afirmacións.

1. A brevidade é característica fundamental da novela
   .....
   .....
2. "Merlín", "Fóra de xogo", "Xabarín", da editorial Galaxia, son coleccións de literatura infantil e xuvenil.
   .....
   .....
3. O "eu testemuña" é un tipo de narrador que narra, en terceire persoa, a historia sen intervir nela.
   .....
   .....
4. No discurso narrativo é característico o uso de construcións atributivas.
   .....
   .....
5. Prosopografía, epopea, retrato, caricatura... son algunhas das modalidades descritivas.
   .....
   .....
6. O narratario é o destinatario do monólogo dun personaxe.
   .....
   .....
7. O monólogo interior reproduce, en terceira persoa, o pensamento dun personaxe.
   .....
   .....
8. Na elípse iguálanse o tempo de discurso e o da historia.
   .....
   .....
9. Na temporalidade retrospectiva abundan as analepses externas.
   .....
   .....
10. Na escena o tempo de historia detense e consómese discurso.
    .....
    .....
11. *Erros e Tánatos* de Gonzalo Navaza e *Expedición do Pacífico* de Úrsula Heinze, son novelas de aventuras.
    .....
    .....

12. *Anel de mel* de Alfonso Álvarez Cáccamo, tal vez sexa o máis claro exemplo de literatura erótica en galego.
    .....
    .....
13. *A origem certa do farol de Alexandría* de João Guisam Seijas inaugura a novela histórica.
    .....
    .....
14. Os tres xéneros clásicos son a lírica, a hípica e a gramática, que se corresponden con poesía, ensaio e teatro.
    .....
    .....
15. Xoán Babarro con *Das cousas de Ramón Lamote* e Paco Martín con *Primeiro libro con Malola*, son éxitos destacados da recente literatura infantil.
    .....
    .....

SOLUCIÓNS

1. A brevidade é trazo característico do conto non da novela que é unha forma narrativa extensa.
2. Efectivamente as tres son coleccións de literatura infantil e xuvenil, pero pertencen a firma editorial Xerais e non a Galaxia.
3. O "eu" testemuña non pode ser un narrador en terceira persoa senón en primeira "eu", non necesariamente ten que ser omnisciente, e efectivamente é un observador, non participa na historia.
4. As construcións atributivas son propias do discurso descritivo a narración caracterízase pola acción e a marca lingüística principal é o verbo.
5. Son todas modalidades descritivas agás a epopea que é un poema extenso que narra as fazañas dun heroe lendario. A modalidade descritiva é a etopea que consiste na descrición psicolóxica dun personaxe.
6. O monólogo caracterízase pola ausencia de destinatario, polo tanto o narratario non pode ser o destinatario. O narratario é o destinatario da historia que se conta, pode estar presente nela ou non, relatos contados a outros personaxes, historias con formato de carta. Sitúase entre o narrador e o lector.
7. O monólogo interior reproduce os pensamentos dun personaxe tal como se producen no cerebro, desordenados. Lingüísticamente expresados en primeira persoa, ás veces desrespeitando ás normas gramaticais. En terceira persoa reprodúcese o pensamento dun personaxe no estilo indecto libre.
8. É na escena onde se igualan os dous tempos, sobre todo a través do uso do diálogo. A elípose é a ausencia de tempo da historia no discurso, son omisións temporais. Adoitan darse entre capítulos.
9. Sería máis correcto dicir que abundan as analepses, ou flash-back, sexan internas, externas ou mixtas.
10. É na pausa (descritiva ou digresiva) onde se detén o tempo da historia e se consome discurso, na escena iguálanse, como xa dixemos.
11. *Erros e Tánatos* de Gonzalo Navaza pódese clasificar dentro da literatura de humor, *A expedición do Pacífico* si se pode considerar unha narración de aventuras pero a súa autora é Marilar Aleixandre.
12. A afirmación é certa agás o autor que non é Cáccamo senón Xulio López Valcárcel.
13. Considérase que esta obra está na orixe da literatura infantil e xuvenil. É Víctor Freixanes con *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982) quen inaugura a novela histórica
14. Os tres xéneros clásicos son a lírica (poesía), a épica (prosa), e dramática (teatro). O que di aí é un disparate.
15. Están trocados os autores e as obras: de Paco Martín é *Das cousas de Ramón Lamote* e de Babarro *Primeiro libro con Malola*, o demais é correcto.

EXERCICIOS AUTOAVALIABLES

TEXTO 1:

LIMIAR

A unidade emotiva conséguese no conto pola obsesión do que ten de sobrevivir.
O remate ha de ter a virtude de facer simultáneas no espírito as imxes que foron sucesivas.
A presenza do remate debe estar atafegada, pero latexando con forte resonancia en todos os currunchos do relato.
O remate é unha imaxe que fai estoupar o conto nas verbas derradeiras, despois de inzalo poderosamente.
O conto é unha pelica na que se sente o pulso duna imaxe contida.
O conto é o remuíño que fan arredor duna lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz.

Rafael Dieste *Dos arquivos do trasno.*

1. Que aspectos destaca Dieste como elementos esenciais do conto?
2. Podes relacionar estas afirmacións con algunha das características do conto que estudaches no tema?
3. Explica coas túas palabras a importancia que Dieste dá ao remate dun conto. Como debe ser?

TEXTO 2:

Dóelle o pé, coma se o tivese durmido. Dá fregas na perna. Que cansado estaba. Acomodouse no asento e pechou os ollos. Quen lle dese na cama, e non alí. Botar un bo sono e logo coller a gamela e ir botar unhas liñas ou unhas nasas. Ou nada, ir dar un paseo pola ría. Sito está movendo o dial da radio. Por fin colle un informativo. Falaba do debate dos presupostos no parlamento, duna manifestación de traballadores dunha empresa pechada, dun incidente na Ría de Arousa entre unha planeadora e unha lancha de aduanas.

Suso de Toro *Ambulancia*

1. No fragmento anterior aparece a voz dun narrador que narra as accións, por unha banda, e os pensamentos dun personaxe, pola outra. Destaca de maneira diferente as frases que corresponden a cada un dos dous aspectos narrados.
2. Que tipo de narrador atopamos no texto? Explícao.
3. Como se chama a técnica utilizada polo narrador para expresar os pensamentos do personaxe.

TEXTO 3:

Sito soneaba ruidosamente ao seu lado. Porqué lle faría caso a aquel mangallón sen cabeza. Con el non ía a ningunha parte, máis lle valía ir polo seu lado. Ao cabo o que lle sacudira ao paisano fora el. Nunca tivera sorte cos negocios, máis lle valera quedar de mariñeiro coma seu pai. Pobre coma unha rata pero, como dicía el, vivira toda a vida máis tranquilo que o carallo. Buscara a vida por aí adiante embarcado e tampouco tivera sorte, pero soubo retirarse coma os toureiros e quedar na casa tranquilamente coa súa dorniña. Se el puidese saír desta volvía a casa e enrolábase ao mar, ao pincho. Ou se cadra quedaba en terra cun choíño por alí e axudándose algo con algunha descarga de tabaco para ir tirando, así de cando en vez, tampouco sen meterse moito que coa sorte que tiña logo pagaba el por todo quisque. De droga, nada. Con Franquito nin falar. Ademais que deixalo así colgado fora unha traidoría carallo. Vaia cabronada. Iso non se lle fai a ninguén, nin unha axuda nin nada. Deixa que tamén como lle puidese facer mal tamén llo había facer. Que cansazo tiña e que frío por todo o corpo. Se dese quitado de encima ao Sito, coxo e todo, se cadra aínda daba saído desta. Pero con aquel malote, era bo fulano, pero tiña menos cabeza cun grilo. Se cadra podía ir falar co Casal para que o agachase un par de días ou que o mandase á casa nun camión da empresa. Iría xunta del e que o axudase. Pero primeiro tiña tamén el que durmir algo.

Suso de Toro *Ambulancia.*

Agás na oración subliñada o narrador está a contar en 3ª persoa o pensamento dun personaxe. É a técnica do estilo indirecto libre ou monólogo narrado, unha das maneiras para o narrador expresar a omnisciencia.
Proba a mudar a terceira persoa gramatical pola primeira (verbos, posesivos, demostrativos...), fai as mudanzas precisas nos tempos verbais e terás o monólogo na voz do personaxe.

Continúa:

...Porqué lle farei caso a este mangallón sen cabeza. Con el non vou a ningunha parte, máis me valía ir polo meu lado. Ao cabo o que lle sacudiu ao paisano fun eu. Nunca tiven sorte cos negocios, máis me valera quedar de mariñeiro coma meu pai...

TEXTO 4:

Hala, veña, máis lixo. Aaai, cada vez costa máis abaixarse. Levo dicindo isto polo menos trinta anos. Mira para estes do 5º C, catro bolsas de lixo. Pasan dous días sen sacar o lixo e despois veña catro xuntas. Pois el será médico, pero iso é unha porcaría. Veña, para dentro. Xa está cheo o ascensor, vai haber que amplialo como sigan a fabricar lixo. A ver que aínda falta o A e o B. Estes pouquiño lixo fabrican. Claro, tráenche os ovos da aldea e xa non xuntan cartóns, compran o leite de bolsa que é máis económico e non ocupa como as botellas, as patacas tamén veñen da aldea, que ben lles vexo eu subir os seus bos sacos. Así está ela de gorda. El non, que o señor vai xogar ao futbito. Ela queda coa Irenita na casa, preparándolle a cea a el. Ler non len o xornal, non fan coma o do 7º B, o do can e o gato, que le dous xornais cada día. Para darme traballo a min. Cando saca as súas bolsas cheas de papel xa me enche o ascensor o condenado. Parece bastante repunante. Veña. Xa está todo. En marcha, baixando. Que maravilla, viaxar entre a merda toda dos veciños. Habían vir eles algún día a ver se así fabricaban menos lixo. Ei, que che pasa. Parou o condenado. O que me faltaba, xa ando un pouco tarde. Arrinca, ascensor da cona. Nada, non quere. O que me faltaba. Imos timbrar a alarma. A ver se oe alguén. Outra vez. Aínda vai cadrar que tarda en pasar alguén. Menuda, aínda vou acorar aquí co cheiro da porquería toda esta. Puf, que mal cheira. É a bolsa coas cascas de marisco do 6º A. Eles a mariscada, eu a porcallada. Puf, fede. A ver se arrinca. Nada. Alarma outra vez. Ninguén, non vai pasar ninguén. Vou morrer afogada, vaia porquería. Vai chegar Nano a casa e non estou. A cea sen facer e eu non estou. Pobriño, que vai ser de el o día que eu falte, tan inútil como me saiu. Din que se é culpa miña, que o estraguei eu. Vaia, carallo. Eu coideino coma a un fillo calquera, coma ás súas irmás. Pero cando eu falte... E logo vai ti saber con quen se xunta, que esas cousas afectan. Por exemplo, o vello aquel das barbas e gabardina longa que parecía un saio que veu alá atrás preguntar por el. Que pinta de criminal tiña. Eu díxenlle que non sabía, pero paréceme que hoxe o volvín ver rondando polo barrio. Recordoume ao vello Isidro, aquel fillo duna cadela, Deus me vala. Nano é bo, pero logo veñen as malas compañías e málvase. Eu aínda quería que viñese algún día comigo rezar o rosario. Cando eu falte que Nosa Señora ou Noso Señor miren por el, que ha quedar sen amparo. As irmás daránlle de comer, pero el é delicado, é moi sensible. Din que o malcriei eu. Boh, porque lle dei cariño coma a un fillo. Había vir comigo algunha vez rezar o rosario, pero non hai maneira. Ás veces está el a falar en voz baixa, rosma que rosma, que mesmo parece que está a rezar. "¿Que falas Nano?" "Rezo o rosario, mamá" dime el por me facer rabear. E non é parvo. Ás veces parece listo de máis, o que pasa é que o perde o corazón. Ai, meu Deus, e eu aínda vou morrer aquí no medio da lavadura da xente. A ver se agora. ¡Meca! Menos mal que quixo andar. Por pouco acoro. Hala, para aquí. Déixame saír respirar un pouco. Aaah, que alivio saír de aquí.

Suso de Toro. *Tic - Tac*

1. Cal é a modalidade discursiva do texto anterior?
2. Analiza as voces e o punto de vista que aparece no texto.
3. Analiza o aspecto temporal
4. Comenta a caracterización do personaxe.

TEXTO 5:

Era unha daquelas noites abafantes e desesperadas en que se pensan as cousas de maneira tan complicada porque se está de todo ata o punto en que pensar por pensar é xa bastante. Acendíches un ducados e permaneciches un intre vendo subi-lo fume a quebrarse sucesivamente para finalmente desaperecer misturado co aire. Demorache-la mirada nos anuncios tan felices que tentaban meter productos innecesarios por todas partes, ata polos ollos; lía-lo clásico letreiro de prohibido falar co conductor; fixácheste na franxa moura que o conductor levaba no brazo, como se lle estivesen tomando a tensión, que estupidez, pensa Clara ó instante lembrando o loito nacional. No bus comprendiches como tan lóxico e tan evidente que Gonzalo (tivese) dúas fillas con Molly, que incluso che pareceu idiota non ter caído nunha cousa tan natural, que o era tanto que semellaba que o soubeses dende sempre.

Lois Xosé Pereira. *As horas de cartón.*

1. Analiza os elementos da narración neste fragmento. (argumento, punto de vista, tempo, espazo, personaxes)

SOLUCIÓNS

ACLARACIÓN: Loxicamente as respostas a estes exercicios son abertas, o que a continuación se ofrece son suxestións:

TEXTO 1.

1. Das afirmacións que fai Rafael Dieste no "LIMIAR" da súa obra *Dos arquivos do trasno* despréndense como características fundamentais do conto a condensación "é unha pelica na que se sente o pulso dunha imaxe contida", di que o final do conto debe estar latexando ao longo de todo o relato. A unidade de temas e motivos, "remuíño de bolboretas mergulladas na mesma luz". Dieste destaca o remate do conto como a explosión que dá sentido a todo o que no relato estaba contido.
2. A condensación, a brevidade e unidade temática son características do conto das que Dieste tamén dá conta nestas afirmacións. Tamén podemos relacionalas coa subordinación de todos os elementos (personaxes, espazo etc) ao motivo principal do relato, o que lle dá unidade e ao redor do que xira todo o demais. Pero o aspecto que Dieste destaca como elemento esencial é o remate.
3. O final dun conto debe ser a explosión de todo o que ao longo do relato estaba contido. Debe ser o final o que lle dea sentido, o que complete "poderosamente" todo aquilo do que o conto foi "inzado". No remate xúntanse, complétase, compréndese, condénsase nunha soa vez todo o que no conto latexaba de maneira sucesiva.

TEXTO 2.

1. ***Dóelle o pé, coma se o tivese durmido. Dá fregas na perna.*** *Que cansado estaba.* ***Acomodouse no asento e pechou os ollos.*** *Quen lle dese na cama, e non alí. Botar un bo sono e logo coller a gamela e ir botar unhas liñas ou unhas nasas. Ou nada, ir dar un paseo pola ría.* ***Sito está movendo o dial da radio. Por fin colle un informativo. Falaba do debate dos presupostos no parlamento, duna manifestación de traballadores dunha empresa pechada, dun incidente na Ría de Arousa entre unha planeadora e unha lancha de aduanas.***

O destacado en negriña corresponde á narración das accións dos personaxes.
O subliñado corresponde á narración dos pensamentos do personaxe.

2. A narración está en terceira persoa, vémolo nas formas verbais e nos pronomes (dóelle, dá, estaba, lle, dese, está, colle ...) Conta o que os personaxes fan, Sito e o compañeiro, "dá fregas na perna, está movendo o dial da radio...", e mais o que un deles pensa, "quen lle dese na cama, que cansado estaba...", polo tanto trátase dun narrador omnisciente. No fragmento non podemos constatar a presenza dun autor iplícito polo que se trataría dunha omnisciencia neutral, habería que analizar o conxunto da obra para ver se isto é exactamente así.
3. O pensamento do personaxe (o discurso subliñado) non está posto na súa propia voz senón que é contado polo narrador. Tratase, daquela, dun monólogo narrado que é unha das maneiras que o narrador ten para expresar no discurso a súa omnisciencia. A este maneira de expresar o que un personaxe pensa, utilizando a terceira persoa gramatical, tamén se lle chama estilo indirecto libre.

TEXTO 3.

1. *...Porqué lle farei caso a este mangallón sen cabeza. Con el non vou a ningunha parte, máis me valía ir polo meu lado. Ao cabo o que lle sacudiu ao paisano fun eu. Nunca tiven sorte cos negocios, máis me valera quedar de mariñeiro coma meu pai. Pobre coma unha rata pero, como dicía el, vivira toda a vida máis tranquilo que o carallo. Buscara a vida por aí adiante embarcado e tampouco tivera sorte, pero soubo retirarse coma os toureiros e quedar na casa tranquilamente coa súa dorniña. Se eu puidese saír desta volvía a casa e enrolábame no mar, ao pincho. Ou se cadra quedaba en terra cun choíño por aí e axudándome algo con algunha descarga de tabaco para ir tirando, así de cando en vez, tampouco sen meterse moito que coa*

mala sorte que teño logo pago eu por todo quisque. De droga, nada. Con Franquito nin falar. Ademais que deixarme así colgado é unha traidoría carallo. Vaia cabronada. Iso non se lle fai a ninguén, nin unha axuda nin nada. Deixa que tamén como lle poida facer mal tamén llo hei facer. Que cansazo teño e que frío por todo o corpo. Se dese quitado de encima ao Sito, coxo e todo, se cadra aínda daba saído desta. Pero con este malote. É bo fulano, pero ten menos cabeza que un grilo. Se cadra podo ir falar co Casal para que me agache un para de días ou que me mande á casa nun camión da empresa. Total, tamén eu tarballo para unha empresa. Irei xunta del e que me axude. Pero primeiro teño tamén eu que durmir algo.

TEXTO 4.

1. A modalidade de discurso que aparece no fragmento é o monologo. Un personaxe conta en primeira persoa o seu labor recollendo as bolsas de lixo nun edificio. O seu discurso non vai dirixido a ninguén pois non hai ninguén máis nese lugar. A ausencia dun receptor é o que nos di que se trata dun monólogo.
2. O punto de vista é o do propio personaxe que conta en primeira persoa o suceso: como quedou pechada no ascensor cando se dispuña a baixar as bolsas do lixo. A visión particular e totalmente subxectiva deste personaxe fica reflectida no texto ao expresar opinións persoais e facer valoracións sobre os veciños do edificio e outros personaxes, por exemplo:"... el será médico, pero iso é unha porcaría", "Así está ela de gorda" , "Parece bastante repunante", "aquel fillo dunha cadela "Que pinta de criminal tiña"... A voz que aparece é a do personaxe e tan só cara ao final introduce outra, a de Nano, a través da reprodución dun diálogo en estilo directo "¿Que falas Nano?" "Rezo o rosario, mamá".
3. Canto as referencias temporais no texto, son poucas. Sabemos que o suceso acontece á beira da noite porque se fala da hora da cea " Vai chegar Nano a casa e eu non estou. A cea sen facer e eu non estou". A orde é lineal aínda que no seu monólogo o personaxe faga referencias a personaxes e momentos que están fóra do suceso. No que respecta á duración, a historia dura o tempo que lle leva á muller recoller as bolsa de lixo, metelas no ascensor e o tempo que ela fica encerrada nel. Podémolo estimar nuns minutos. O tempo de discurso, neste caso, a nai de Nano falando todo o tempo mentres traballa, ben podería coincidir co da historia. Se non deixou de falar, para si ou para fóra, durante todo o tempo que estivo encerrada no ascensor, entón podemos falar desa coincidencia entre tempo da historia e do discurso. Se cadra nun fragmento coma este poderíase falar mesmo de realismo durativo pois o tempo de lectura sería o mesmo ca o de discurso (o tempo que lle leva a ela dicilo é o mesmo que nos leva a nós lelo) E talvez sexa tamén o mesmo ca o da historia (o tempo que lle levou recoller as bolsas e quedarse encerrada no ascensor, uns minutos) De todos os xeitos esta coincidencia (tempo de discso, da historia e de lectura: realismo durativo) é moi difícil que se dea con total exactutude.
4. Polas propias palabras do personaxe, a través do monólogo, sabemos:
    a. Que se trata dunha muller, a nai de Nano. "Rezo o rosario, mamá"
    b. Polo que conta que está facendo sabemos ao que se dedica, muller da impeza "...le dous xornais cada día. Para darme traballo a min" "Eles a mariscada, eu a porcallada" "...estes do 5º C, catro bolsas de lixo" "Aai, cada vez costa máis abaixarse"
    c. Condición social humilde, polo traballo que realiza, polo escaso nivel cultural reflectido no rexistro de lingua coloquial que emprega, utilizando, en ocasións, expresións moi vulgares: "Arrinca, ascensor da cona" "Aquel fillo dunha cadela" "¡Meca!" "Vaia, carallo"...
    d. Das súas crenzas relixiosas "que Nosa Señora e Noso Señor miren por el", "Había vir comigo algunha vez rezar o rosario, pero non hai maneira"
    e. Lareteira ao criticar aos veciños do edificio. Retranqueira na ironía que emprega na linguaxe "...le dous xornais cada día. Para darme traballo a min"

"Claro traen os ovos da aldea e xa non xuntan cartóns" "Que maravilla, viaxar entre a merda toda dos veciños"... Desconfiada "... vai ti saber con quen se xunta (...) por exemplo, o vello aquel das barbas (...) Que pinta de criminal tiña..."

Trátase, en fin, dunha mller de mediana idade, xa criou varios fillos, malfalada pero de firmes crenzas relixiosas e practicante, de condición social e cultural baixa, traballa como muller da limpeza, mostra certo desprezo pola xente rica e da cidade, desconfiada e retranqueira. E todo isto sabémolo a través da **autocaracterización** que ela mesma fai a través do seu monólogo.

TEXTO 5.

1. Talvez non podamos falar dunha historia relatada neste fragmento, xa que se trata de algo incompleto, pero faremos unha analise dos elementos da narración que podemos titar de aquí. O que se nos relata é un traxecto en autobús da protagonista, Clara. Non sabemos se se trata dunha viaxe longa ou curta, podería ser un autobús urbano ou un coche de liña. Os feitos acontecen unha noite de calor "unha daquelas noites abafantes" e dura apenas o tempo do traxecto en autobús, ou nin todo ese tempo, non sabemos se baixa xa ou non. O discurso non pretende describir toda a viaxe, conta pequenas accións da protagonista: "demorache-la mirada, lía-lo clásico letreiro..., fixácheste, comprendiches..." son verbos que , nalgúns casos non expresan accións senón actitudes, estados, polo tanto non hai moita acción no relato. A narración desas actitudes e dos pensamentos está moi relacionado coas voces que no texto aparecen, coa modalización. Encontramos un narrador en terceira persoa ao comezo para facer unha introdución describindo o ambiente "abafante" no que "pensar por pensar xa era bastante". A continuación hai un cambio para a segunda persoa, vémolo nos verbos "fixácheste, comprendiches, soubeses ..." e nos pronomes "incluso che pareceu". Esta narración en segunda persoa supón un achegamento do narrador ao personaxe, mostrando un coñecemento íntimo do seu interior, coma se lle estivese falando a Clara. No interior dese discurso en 2ª persoa aparece o narrador (en 3ª): "pensa Clara ó instante lembrando o loito nacional". Esta é a forma máis común de narrar e serve para introducir un pensamento en estilo directo "como se lle estivesen tomando a tensión, que estupidez, pensa Clara ó instante lembrando o loito nacional" A continuación segue a relatar en segunda persoa o que a protagonista pensa sobre a súa relación con Gonzalo, outro dos personaxes da novela. Clara é o personaxe central deste fragmento e Gonzalo e Molly son nomeados como persoas relacionadas con ela. O espazo é físico e interior, un autobús, a súa función no relato talvez sexa a de propor un lugar idóneo para a reflexión da protagonista. Nun autobús cando un viaxa só e non fala con ninguén é doado porse a cavilar. Este é pois o espazo escollido polo autor para por en destaque a actitude e as cavilacións da protagonista durante o traxecto, sobre algúns dos seus seres queridos e sobre a morte de Franco "o loito nacional".